



GRUPO MUNICIPAL

María del Carmen Moreira Martínez, Vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, solicitando que se **ELABORE UN PLAN INTEGRAL MUNICIPAL DE LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS**, que conte coa **participación e implicación dos diferentes colectivos feministas e axentes sociais**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As violencias machistas son unha problemática social que nos afecta a todas e todos, non é un tema “das mulleres que morren”, senón da sociedade que permite que sigan “sendo asasinadas”, que siga habendo feminicidios independentemente da idade, do lugar de residencia, do nivel de estudos, do estado civil, de se contan ou non con medidas de protección, da situación económica, da orixe de procedencia, da súa relixión, de se son ou non nais... terrorismo machista mata as mulleres polo mero feito de selo.

Os movementos feministas como motores de cambio social que son, levan anos loitando contra a desigualdade que sofren as mulleres, tomando conciencia da súa situación e reivindicando a igualdade en todos os ámbitos. Nos últimos anos estes movementos están facendo visibles as violencias machistas, permitindo que se pase de consideralas como unha cuestión privada a entendelas como unha problemática social grave.

Este tipo de violencia exercida contra as mulleres se sustenta no patriarcado machista, o cal é un sistema de organización social no que, por unha banda, os postos clave de poder e toma de decisións nos diferentes ámbitos (político, social, educativo, económico, relixioso/espiritual...) se atopan exclusiva ou maioritariamente en mans dos homes e, por outra, baséase na idea histórica da autoridade e predominio dos homes sobre as mulleres.



GRUPO MUNICIPAL

No que vai de ano 2015, a data de hoxe, 49 mulleres, unha delas no municipio de Pontevedra, foron asasinadas polo machismo terrorista (segundo datos do portal estatístico “Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero”; en cambio, segundo a web feminicidio.net a cifra de feminicidios e asasinatos de mulleres ascende a 90).

Precísase dun pacto civil contra as violencias machistas, temos que tomar conciencia dun xeito rotundo e inequívoco de que é un problema de Estado, que nos afecta e implica a todas e todos, e sobre o que a administración local, como ente mais próximo a cidadanía, goza de competencias delegadas (segundo a Lei 27/2013, do 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, no seu artigo 27.3 apartado c): *“a prestación de servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”*).

Temos a responsabilidade como representantes públicos da cidadanía, xunto cos movementos feministas, os axentes sociais e, en definitiva, a sociedade civil do municipio pontevedrés, de poñer na axenda pública como prioridade as violencias machistas.

Para loitar contra estas violencias é preciso elaborar un plan integral de loita contra as violencias machistas. Ese plan debe responder ás necesidades, posibilidades e realidades do noso concello, sendo un instrumento dinámico e flexible, aberto ás achegas de todos os colectivos implicados e establecendo mecanismos de traballo, dotacións orzamentarias, equipamentos de recursos técnicos e medidas concretas para poder facerlle fronte ao problema con eficacia.

Por todo iso, MAREA PONTEVEDRA presenta a seguinte



GRUPO MUNICIPAL

PROPOSICIÓN, instando ao Concello de Pontevedra a:

- Elaborar un PLAN INTEGRAL MUNICIPAL DE LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS, que conte coa participación e implicación dos diferentes colectivos feministas e axentes sociais presentes na sociedade pontevedresa.
- Que se inclúa nos orzamentos municipais unha partida destinada ás políticas de igualdade de xénero.

Pontevedra, 13.11.2015

A Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

María del Carmen Moreira Martínez